

PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN FÍSICA

CEIP FERMÍN BOUZA BREY



CURSO ACADÉMICO 2021-2022

ÍNDICE

1.	Introdución.	4
2.	Contextualización.	5
	2.1. Situación xeográfica, socioeconómica e cultural.	
	2.2. O Centro.	
3.	Obxectivos xerais.	6
4.	Concreción dos contidos.	8
	4.1. Contidos para o 1º Curso de E.P.	
	4.2. Contidos para o 2º Curso de E.P.	
	4.3. Contidos para o 3º Curso de E.P.	
	4.4. Contidos para o 4º Curso de E.P.	
	4.5. Contidos para o 5º Curso de E.P.	
	4.6. Contidos para o 6º Curso de E.P.	
5.	A Educación Física e as Competencia Clave.	22
	5.1. Estándares de Aprendizaxe e Competencias Clave para o 1º Curso de E.P.	
	5.2. Estándares de Aprendizaxe e Competencias Clave para o 2º Curso de E.P.	
	5.3. Estándares de Aprendizaxe e Competencias Clave para o 3º Curso de E.P.	
	5.4. Estándares de Aprendizaxe e Competencias Clave para o 4º Curso de E.P.	
	5.5. Estándares de Aprendizaxe e Competencias Clave para o 5º Curso de E.P.	
	5.6. Estándares de Aprendizaxe e Competencias Clave para o 6º Curso de E.P.	
6.	Criteria metodolóxicos e organización. Principios metodolóxicos.	37
7.	Materiais e recursos.	39
8.	Temporalización.	41
9.	Avaliación.	53
	9.1. Tipos de avaliación.	
	9.2. Instrumentos de avaliación.	
	9.3. Criterios xerais de avaliación.	
	9.4. Criterios de avaliación para a E.P.	
	9.4.1. Criterios de avaliación para o 1º Curso de E.P.	
	9.4.2. Criterios de avaliación para o 2º Curso de E.P.	
	9.4.3. Criterios de avaliación para o 3º Curso de E.P.	
	9.4.4. Criterios de avaliación para o 4º Curso de E.P.	
	9.4.5. Criterios de avaliación para o 5º Curso de E.P.	
	9.4.6. Criterios de avaliación para o 6º Curso de E.P.	
	9.5. Sistemas e baremos de puntuación na avaliación.	
	9.5.1. Baremos de puntuación para o 1º Curso de E.P.	
	9.5.2. Baremos de puntuación para o 2º Curso de E.P.	

9.5.3. Baremos de puntuación para o 3º Curso de E.P.	
9.5.4. Baremos de puntuación para o 4º Curso de E.P.	
9.5.5. Baremos de puntuación para o 5º Curso de E.P.	
9.5.6. Baremos de puntuación para o 6º Curso de E.P.	
10. Criterios de adaptabilidade para A.N.E.A.E.	63
11. Tratamento dos temas transversais.	65
12. Contribución da Educación Física aos Plans e Programas de Centro.	67
12.1. Contribución ao Plan T.I.C.	
12.2. Contribución ao Plan de Convivencia.	
12.3. Contribución ao Proxector Lector.	
12.4. Contribución ao Proxecto Lingüístico.	
12.5. Contribución aos Talleres Programa de Centro.	
12.6. A Educación Física e o Plan Proxecta.	

1. INTRODUCCIÓN.

A Educación física ten como finalidade principal a competencia motriz dos alumnos e das alumnas, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e sentimentos que interveñen nas

múltiples interaccións que realiza un individuo no seu medio e cos demais e que permite que o alumnado supere os diferentes problemas motrices propostos tanto nas sesións de Educación física como na súa vida cotiá; sempre de forma coherente e en concordancia ao nivel de desenvolvemento psicomotor, prestando especial sensibilidade á atención a diversidade nas aulas, utilizando estratexias inclusivas e sempre buscando a integración dos coñecementos, os procedementos, as actitudes e os sentimentos vinculados á conduta motora fundamentalmente. A competencia motriz, que non está recollida como unha das competencias clave, é fundamental para o desenvolvemento destas, especialmente as Competencias Social e Cívica (CSC), Aprender a Aprender (CAA), Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE), Conciencia e expresións culturais (CCEC) e Matemática e Científico Tecnolóxica (CMCT) e, en menor medida, a Competencia en Comunicación Lingüística (CCL e a Competencia Dixital (CD).

Na educación primaria, o alumnado explorará o seu potencial motor á vez que desenvolve todas as súas capacidades motrices. Isto implica mobilizar toda unha serie de habilidades motrices, actitudes e valores en relación co corpo, en diversas situacións de ensino-aprendizaxe, nas que a experiencia individual e colectiva permitan adaptar a conduta motriz a diferentes contornas.

Nesta etapa, as competencias adquiridas deben permitir comprender o seu corpo, as súas posibilidades e desenvolver as habilidades motrices básicas con complexidade crecente a medida que se progresa nos sucesivos cursos. As propias actividades axudarán ademais a desenvolver a relación cos demais, o respecto, a atención especial á igualdade de xénero, entendendo as diferenzas en canto as capacidades psicofísicas entre as nenas e os nenos, os condicionantes dos estereotipos sociais, a colaboración, o traballo en equipo, o xogo limpo, a resolución de conflitos, o recoñecemento do esforzo para lograr metas, a aceptación de regras establecidas e o desenvolvemento da iniciativa individual.

A Educación física ao longo da educación primaria ten no xogo o máis importante recurso como situación de aprendizaxe e ferramenta didáctica polo seu carácter motivador. Debemos destacar os xogos tradicionais galegos que xunto coas danzas e bailes propias de Galicia, supoñen un elemento importante de transmisión do noso patrimonio artístico e cultural ademais de fomentar as relacións interxeneracionais.

Dada a situación e contexto especial presente no que aínda nos atopamos debido ao Covid-19 e a configuración cíclica, progresiva e continuada que caracteriza esta área, os contidos impartidos irán integrados progresivamente nas correspondentes unidades didácticas, tendo en conta sempre, os protocolos de actuación para o presente curso, seguindo as pautas marcadas na Resolución conxunta do 1 de setembro de 2021 entre as Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e a Consellería de Sanidade, así como as normas establecidas polo propio centro. Por isto, se adaptarán as sesións, eliminando as partes onde o contacto entre o alumnado é inevitable e incidindo en outros aspectos considerados relevantes (normas, estratexias, etc.).

A proposta curricular de Educación física permitirá organizar as aprendizaxes dos alumnos e as alumnas ao longo do paso polo sistema educativo, tendo en conta o seu nivel madurativo, a lóxica interna das diversas actividades e aqueles elementos que afectan de maneira transversal a todos os bloques como

son as capacidades físicas e coordinativas, os valores sociais e individuais e a educación para a saúde.

As propostas didácticas deben incorporar a reflexión e a análise do que acontece e a creación de estratexias para facilitar a transferencia de coñecementos a outras situacións.

O traballo por competencias integra un coñecemento de base conceptual, outro relativo ás destrezas e, por último, un con gran influencia social e cultural, que implica un conxunto de valores e actitudes.

Para facilitar a concreción curricular de Educación física establécense trece criterios de avaliación que se concretizan nos estándares de aprendizaxe avaliábeles. Estes permitirán definir os resultados da aprendizaxes, e concretarán mediante accións o que alumnado debe saber e saber facer na área de Educación física. Estes estándares están graduados e secuenciados ao longo da etapa e, unha vez finalizada esta, deberán estar todos acadados e consolidados.

2. CONTEXTUALIZACIÓN.

2.1 Situación xeográfica, socioeconómica e cultural.

O C.E.I.P Fermín Bouza Brey, está situado no Concello de Ponteareas (sur da provincia de Pontevedra). É un Concello que ten aproximadamente uns 24.000 habitantes de 24 parroquias, incluíndo o casco urbano, que é onde se atopa o centro. Dentro do citado casco, os/as nenos/as en idade escolar repártense entre tres centros públicos e dous concertados.

A procedencia do alumnado é maioritariamente do casco urbano e o grupo restante acude ao centro utilizando na súa gran maioría o transporte escolar que os recolle dalgunhas parroquias antes citadas. Este é, basicamente, o principal factor de heteroxeneidade presente no centro.

En canto á situación socioeconómica pódese dicir que a maioría dos ingresos das familias procede de postos de traballo desenvolvidos en municipios limítrofes, sendo o de máis importancia Vigo.

Os ingresos familiares situaríanse na media do que se podería considerar unha franxa aceptable.

A primeira lingua utilizada pola inmensa maioría dos alumnos é o castelán.

Para rematar, dicir que existen algúns casos de familias desestructuradas, o que en moitas ocasións, isto reflicte nos resultados académicos.

2.2 O centro.

a) Tipo de centro.

Trátase dun CEIP cun total de 375 alumnos/as, 293 de E.P. e 82 de E.I..

b) Horario.

O centro é de xornada continuada, e abrangue dende as 9:00 horas ás 14:00 horas, albergando tamén de 14.00 a 16.00 o servizo de comedor para un total diario (aproximado) de 84 nenos/as. Este curso, por mor do protocolo, as entradas e saídas flexibilizáronse para escalar a entrada e saída do alumnado. Os martes pola tarde, en horario de 16:00 a 19:00 asistimos ás distintas reunións de titorías, claustros, departamentos...), destinando unha parte do tempo para a atención ós/as pais/nais, titores/titoras legais do alumnado. Asemade asistimos pola tarde, segundo quenda do profesorado, para atender as gardas no centro.

c) Instalacións.

O centro está composto por seis edificios:

- Administración, sala de mestres/as, dirección, xefatura de estudos, secretaría, departamento de orientación, sala de acción tutorial e aula da radio escolar.
- Edificio central no que se atopan todas as aulas de primaria, biblioteca, aula de música, sala de informática, etc.,
- Ximnasio coas dependencias auxiliares para vestiarios, material e mestres/as.
- Pista cuberta polideportiva, duns 800 metros cadrados aprox.
- Edificio comedor.....(antigo bloque de infantil).
- Edificio de E.I. con nove aulas, dúas salas.....
- Casa do/a conserxe.

A área de Educación Física, conta, a día de hoxe, cun ximnasio cuberto duns 220 metros cadrados, onde en cada sesión se albergan uns/as 40-50 alumnos/as; unha pista polideportiva cuberta, para a práctica de balonmán, fútbol-sala, baloncesto... e outros deportes, xogos e actividades lúdicas, tanto e durante as sesións de E.F., coma nas horas de patios e recreos do alumnado; dous campos de fútbol-sala co terreo de xogo en terra e un espazo común en terra, polivalente para xogos alternativos e outras actividades lúdicas; un aula interior para xogos de mesa coma xadrez, parchís, dominó...que este curso permanecerá pechada, utilizado tamén polo alumnado durante os recreos, como incremento lúdico, cultural e deportivo que aporta o centro.

O material co que se conta na área de E.F., é todo o que figura reflectido no inventario de materias de aula.

d) Servizos.

Servizo de transportes para nenos/as das distintas parroquias que corresponden ó noso centro (empresa Ojea de Leirado), servizo de comedor, servizo de aula matinal, servizo de limpeza e conserxe.

3. OBXECTIVOS XERAIS.

A finalidade da educación primaria é facilitarlles aos alumnos e ás alumnas as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, os hábitos de convivencia, de estudo e de traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e de preparalos/as para cursar con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria.

A acción educativa nesta etapa procurará a integración das experiencias e aprendizaxes do alumnado e adaptarse aos seus ritmos de traballo.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

4. CONCRECIÓN DOS CONTIDOS.

Os contidos, son o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos

ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado.

Os contidos están distribuídos en seis grandes bloques:

Bloque 1. Contidos comúns.

Bloque 2. O corpo: imaxe e percepción.

Bloque 3. Habilidades motrices.

Bloque 4. Actividades físicas artístico expresivas.

Bloque 5. Actividade física e saúde.

Bloque 6. Os xogos e as actividades deportivas.

4.1. Contidos para o 1º Curso de E.P.

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA

B1.1. Aceptación da propia realidade corporal.

B1.2. Respecto das persoas que participan no xogo.

B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.

B1.4. Utilización guiada de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.

B1.5 Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.

B1.6. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física.

B1.7. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.

B1.8. Adopción de condutas seguras ao actuar como peóns ou peoas nas saídas polo contorno do colexio.

BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN

B2.1. Aceptación da propia realidade corporal.

B2.2. Confianza nun mesmo, aumento da autoestima e a autonomía persoal.

B2.3. Estrutura corporal. Identificación do propio corpo e das principais partes que interveñen no movemento.

B2.4. Experimentación e exploración de posturas corporais diferentes.

B2.5. Vivencia da relaxación global como estado de quietude e toma de conciencia da respiración.

B2.6. Experimentación de situacións simples de equilibrio estático sobre bases estables.

B2.7. Percepción espazotemporal. Orientación do corpo e nocións topolóxicas básicas (dentro/fóra, arriba/abaixo, diante/detrás, preto/lonxe...).

B2.8. Recoñecemento da lateralidade e da dominancia lateral propia.

B2.9. Posibilidades sensoriais (vista, oído, tacto). Experimentación, exploración e discriminación das sensacións.

BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES

B3.1. Formas e posibilidades do movemento. Experimentación de diferentes formas de execución e control das habilidades motrices básicas: desprazamentos, xiros, saltos.

B3.2. Desenvolvemento e control da motricidade fina e a coordinación viso motora a través do manexo de obxectos.

B3.3. Resolución de problemas motores sinxelos.

B3.4. Acondicionamento físico xeral en situacións de xogo, especialmente mantemento e mellora da flexibilidade.

B3.5. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as diferenzas no nivel de habilidade.

B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos habituais.

BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS

B4.1. Descubrimento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento. Sincronización do movemento con estruturas rítmicas sinxelas.

B4.2. Execución de bailes ou danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo o ritmo.

B4.3. Imitación de personaxes, obxectos e situacións.

B4.4. Participación en situacións que supoñan comunicación corporal.

B4.5. Desinhibición na exteriorización de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento.

BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE

B5.1. Identificación e práctica de hábitos básicos de hixiene corporal (aseo, roupa e calzado), alimentarios e posturais, relacionados coa actividade física.

B5.2. Relación da actividade física co benestar da persoa.

B5.3. Mobilidade corporal orientada á saúde.

B5.4. Respecto das normas de uso de materiais e espazos na práctica de actividade física para evitar accidentes.

B5.5. Respecto ás persoas que participan no xogo.

BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS

B6.1. Descubrimento da cooperación e a oposición con relación ás regras de xogo. Aceptación de distintos papeis no xogo.

B6.2. Recoñecemento e aceptación das persoas que participan no xogo, aceptando o reto que supón opoñerse ao outro sen que iso derive en situacións de rivalidade ou menosprezo.

B6.3. Comprensión das normas de xogo e cumprimento destas.

B6.4. Confianza nas propias posibilidades na práctica dos xogos.

B6.5. O xogo como actividade común a todas as culturas.

B6.6. Coñecemento e práctica dalgúns xogos de Galicia.

B6.7. Práctica de xogos libres e organizados.

B6.8. Xogos de aire libre no parque ou en contornos naturais próximos ao colexio. Exploración e gozo da motricidade ao aire libre, respectando a natureza.

4.2. Contidos para o 2º Curso de E.P.

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA

B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais.

B1.2. Respecto e valoración das persoas que participan no xogo sen mostrar discriminacións de ningún tipo.

B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.

B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área.

B1.5. Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.

B1.6. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.

B1.7. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física.

B1.8. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.

B1.9. Adopción de condutas seguras ao actuar como peóns ou peoas, nas saídas polo contorno do colexio.

BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN

B2.1. Aceptación da propia realidade corporal. B2.2. Confianza nun mesmo, aumento da autoestima e a autonomía persoal.

B2.3. Estrutura corporal. Percepción, identificación e representación do propio corpo e das principais partes que interveñen no movemento (articulacións e segmentos corporais).

B2.4. Experimentación e exploración de posturas corporais diferentes, a partir das posibilidades de movemento das distintas articulacións e segmentos corporais.

B2.5. Vivencia da relaxación global como estado de quietude. Toma de conciencia da respiración e as súas fases.

B2.6. Experimentación de situacións simples de equilibrio estático e dinámico sen obxectos, sobre bases estables, e portando obxectos.

B2.7. Percepción espazotemporal. Orientación do corpo e nocións topolóxicas básicas (dentro/fóra, arriba/abaixo, diante/detrás, preto/lonxe...).

B2.8. Afirmación da lateralidade. Recoñecemento da dominancia lateral e da dereita e esquerda propias.

B2.9. Posibilidades sensoriais (vista, oído, tacto). Experimentación, exploración e discriminación das sensacións.

BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES

B3.1. Formas e posibilidades do movemento. Experimentación de diferentes formas de execución e control das habilidades motrices básicas: desprazamentos, xiros, saltos, suspensión, lanzamentos e recepcións.

B3.2. Desenvolvemento e control da motricidade fina e a coordinación viso motora a través do manexo de obxectos.

B3.3. Resolución de problemas motores sinxelos.

B3.4. Acondicionamento físico xeral en situacións de xogo, especialmente mantemento e mellora da flexibilidade.

B3.5. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as diferenzas no nivel de habilidade.

B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos habituais.

BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS

B4.1. Descubrimento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento. Sincronización do movemento con estruturas rítmicas sinxelas. Ritmos baseados na introdución de acentos nunha cadencia, ritmos baseados na duración dos intervalos (curtos ou longos).

B4.2. Execución de bailes ou danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, asociando o movemento corporal ao ritmo.

B4.3. Imitación de personaxes, obxectos e situacións.

B4.4. Participación en situacións que supoñan comunicación corporal. Recoñecemento das diferenzas no modo de expresarse.

B4.5. Desinhibición na exteriorización de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento.

BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE

B5.1. Identificación e práctica de hábitos básicos de hixiene corporal (aseo, roupa e calzado), alimentarios e posturais, relacionados coa actividade física.

B5.2. Relación da actividade física co benestar da persoa.

B5.3. Mobilidade corporal orientada á saúde.

B5.4. Respecto das normas de uso de materiais e espazos na práctica de actividade física para evitar accidentes.

B5.5. Respecto ás persoas que participan no xogo, sen mostrar discriminacións de ningún tipo.

BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS

B6.1. Descubrimento da cooperación e a oposición con relación ás regras de xogo. Aceptación de distintos papeis no xogo.

B6.2. Recoñecemento e aceptación das persoas que participan no xogo, aceptando o reto que supón opoñerse ao outro sen que iso derive en situacións de rivalidade ou menosprezo.

B6.3. Comprensión das normas de xogo e cumprimento voluntario destas.

B6.4. Confianza nas propias posibilidades e esforzo nos xogos, con aceptación das limitacións persoais.

B6.5. O xogo como actividade común a todas as culturas.

B6.6. Coñecemento e práctica dalgúns xogos de Galicia. Descubrimento de xogos interculturais.

B6.7. Práctica de xogos libres e organizados.

B6.8. Xogos de aire libre no parque ou en contornos naturais próximos ao colexio. Exploración e gozo da motricidade ao aire libre, respectando a natureza.

4.3. Contidos para o 3º Curso de E.P.

BLOQUE1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA

B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais.

B1.2. Aceptación e respecto cara ás normas, regras, estratexias e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo.

B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física. B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área.

B1.5. Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.

B1.6. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.

B1.7. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física.

B1.8. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.

B1.9. Adopción de condutas seguras ao actuar como peóns ou peoas nas saídas polo contorno do colexio.

BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN

B2.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais mostrando una actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente.

B2.2. Seguridade, confianza nun mesmo ou nunha mesma e nos demais.

B2.3. Autonomía persoal: autoestima, expectativas realistas de éxito.

B2.4. Descubrimento dos elementos orgánico-funcionais relacionados co movemento: circulación, respiración, locomoción (principais músculos e articulacións).

B2.5. Control do ritmo respiratorio en diferentes actividades. Toma de conciencia e inicio do control dos diferentes tipos de respiración.

B2.6. Equilibrio estático e dinámico sobre superficies estables e inestables e alturas variables.

B2.7. Organización espacial (organización dos elementos no espazo, apreciación de distancias, traxectorias, orientación, lonxitude). Organización temporal (duración, sucesión, ritmo). Organización espazo-temporal (velocidade, previsión do movemento).

B2.8. Consolidación da lateralidade e a súa proxección no espazo, con recoñecemento da esquerda e dereita dos e das demais.

BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES

B3.1. Formas e posibilidades do movemento. Axuste e consolidación dos elementos fundamentais na execución das habilidades motrices básicas.

B3.2. Utilización eficaz e económica das habilidades motrices básicas en medios e situacións estables e coñecidas.

B3.3. Inicio na adaptación das habilidades básicas a situacións non habituais e contornos descoñecidos ou con incerteza, incidindo nos mecanismos de decisión.

B3.4. Mellora das capacidades físicas básicas de forma global e orientada á execución das habilidades motrices.

B3.5. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando a existencia de diferenzas no nivel de habilidade.

BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS

B4.1. O corpo e o movemento como instrumentos de expresión e comunicación.

B4.2. Coñecemento e práctica de diversas manifestacións expresivas adaptadas ao ámbito escolar: mimo, dramatización, baile, expresión corporal.

B4.3. Adecuación do movemento a estruturas espazo-temporais e execución de bailes e coreografías simples utilizando como base o folclore galego e outros bailes do mundo.

B4.4. Expresión de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento.

B4.5. Desinhibición e espontaneidade na práctica de danzas ou bailes, con independencia do nivel de habilidade mostrado.

B4.6. Recreación de personaxes reais e ficticios e os seus contextos dramáticos.

B4.7. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, participando en actividades artístico-expresivas.

B4.8. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico-expresivas (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.

BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE

B5.1. Consolidación de hábitos de hixiene corporal e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables relacionados coa actividade física.

B5.2. Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa.

B5.3. Práctica segura da actividade física recoñecendo a importancia do queceamento, a dosificación do esforzo, a volta á calma e a relaxación.

B5.4. Mellora da condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento psicobiolóxico.

B5.5. Adopción das medidas básicas de seguridade na execución das actividades físicas e no uso de materiais e espazos.

B5.6 Actitude favorable cara á actividade física con relación á saúde, manifestando comportamentos responsables, respectuosos e seguros cara a un mesmo e as demais persoas.

BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS

B6.1. Descubrimento e aplicación das estratexias básicas de xogo relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.

B6.2. Respeto cara ás persoas que participan no xogo e rexeitamento cara aos comportamentos antisociais.

B6.3. Comprensión, aceptación e cumprimento das normas de xogo.

B6.4. O xogo e o deporte como elementos da realidade social. Coñecemento e práctica de xogos tradicionais de Galicia.

B6.5. Achegamento ao xogo doutras comunidades e países dos seus compañeiros e compañeiras da clase.

B6.6. Aplicación das habilidades básicas en situacións de xogo.

B6.7 Participación en xogos de diferente tipoloxía e iniciación á práctica de actividades deportivas a través de xogos predeportivos e o deporte adaptado. B6.8. Iniciación á orientación deportiva mediante propostas lúdicas (ximnasio, patio, parque).

B6.9. Práctica e gozo de actividades motrices lúdicas relacionadas coa natureza (xogos de campo, de exploración, de aventura, marcha, escalada...).

B6.10. Coñecemento e coidado da contorno natural.

4.4. Contidos para o 4º Curso de E.P.

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA

B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas.

B1.2. Aceptación e respecto cara ás normas, regras, estratexias e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo.

B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.

B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área.

B1.5. Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.

B1.6. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.

B1.7. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física.

B1.8. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.

B1.9. Coñecemento da normativa básica de circulación en rúas e estradas.

B1.10. Identificación e respecto, ao realizar saídas fóra do colexio, dos sinais básicos de tráfico que afectan aos peóns ou peoas e ás persoas ciclistas.

BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN

B2.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais mostrando una actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente.

B2.2. Seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas.

B2.3. Autonomía persoal: autoestima, expectativas realistas de éxito.

B2.4. Descubrimento dos elementos orgánicofuncionais relacionados co movemento: circulación, respiración, locomoción (principais músculos e articulacións).

B2.5. Control do ritmo respiratorio en diferentes actividades. Toma de conciencia e inicio do control dos diferentes tipos de respiración.

B2.6 Equilibrio estático e dinámico sobre superficies estables e inestables e alturas variables.

B2.7. Organización espacial (organización dos elementos no espazo, apreciación de distancias, traxectorias, orientación, lonxitude). Organización temporal (duración, sucesión, ritmo). Organización espazotemporal (velocidade, previsión do movemento)

BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES

B3.1. Formas e posibilidades do movemento. Axuste e consolidación dos elementos fundamentais na execución das habilidades motrices básicas.

B3.2. Utilización eficaz e económica das habilidades motrices básicas en medios e situacións estables e coñecidas.

B3.3. Inicio na adaptación das habilidades básicas a situacións non habituais e contornos descoñecidos ou con incerteza, incidindo nos mecanismos de decisión.

B3.4. Mellora das capacidades físicas básicas de forma global e orientada á execución das habilidades motrices.

B3.5. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando a existencia de diferenzas no nivel de habilidade.

BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS

B4.1. O corpo e o movemento como instrumentos de expresión e comunicación.

B4.2. Coñecemento e práctica de diversas manifestacións expresivas adaptadas ao ámbito escolar: mimo, dramatización, baile, expresión corporal.

B4.3. Adecuación do movemento a estruturas espazo-temporais e execución de bailes e coreografías simples utilizando como base o folclore galego e outros bailes do mundo.

B4.4. Expresión de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento.

B4.5. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, participando en actividades artísticoexpresivas.

B4.6. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artísticoexpresivas (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.

BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE

B5.1. Consolidación de hábitos de hixiene corporal e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables relacionados coa actividade física.

B5.2. Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa.

B5.3. Práctica segura da actividade física, recoñecendo a importancia do quecemento, a dosificación do esforzo, a volta á calma e a relaxación.

B5.4. Mellora da condición física orientada á saúde, en función do desenvolvemento psicobiolóxico.

B5.5. Adopción das medidas básicas de seguridade na execución das actividades físicas e no uso de materiais e espazos.

B5.6 Actitude favorable cara á actividade física con relación á saúde, manifestando comportamentos responsables, respectuosos e seguros cara a un mesmo e as demais persoas

BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS

B6.1. Descubrimento e aplicación das estratexias básicas de xogo relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.

B6.2. Respeto cara ás persoas que participan no xogo e rexeitamento cara aos comportamentos antisociais.

B6.3. Comprensión, aceptación e cumprimento das normas de xogo.

B6.4. O xogo e o deporte como elementos da realidade social. Coñecemento e práctica de xogos tradicionais de Galicia.

B6.5. Achegamento ao xogo doutras comunidades e países dos seus compañeiros e compañeiras da clase

B6.6. Aplicación das habilidades básicas en situacións de xogo.

B6.7. Participación en xogos de diferente tipoloxía e iniciación á práctica de actividades deportivas a través de xogos predeportivos e o deporte adaptado.

B6.8 Iniciación á orientación deportiva mediante propostas lúdicas (ximnasio, patio, parque).

B6.9 Práctica e gozo de actividades motrices lúdicas relacionadas coa natureza (xogos de campo, de exploración, de aventura, marcha, escalada...).

B6.10 Coñecemento e coidado da contorno natural.

4.5. Contidos para o 5º Curso de E.P.

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA

- B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais.
- B1.2. Adopción de actitudes de colaboración, tolerancia, respecto e resolución pacífica dos conflitos na práctica de xogos e outras actividades físicas.
- B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.
- B1.4. Actitudes de aceptación, respecto e valoración cara a un mesmo, aos compañeiros e compañeiras e ao medio.
- B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área.
- B1.6. Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.
- B1.7. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.
- B1.8. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física.
- B1.9. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.
- B1.10. Coñecemento da normativa básica de circulación en rúas e estradas.
- B1.11. Identificación e respecto, ao realizar saídas fóra do colexio, dos sinais básicos de tráfico que afectan aos peóns e peoas e ás persoas ciclistas.

BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN

- B2.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas mostrando unha actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente.
- B2.2. Seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas.
- B2.3. Autonomía persoal: autoestima, expectativas realistas de éxito.

BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES

- B3.1. Adaptación da execución das habilidades motrices a situacións de práctica de complexidade crecente, con eficiencia, seguridade e creatividade.
- B3.2. Realización combinada de desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos e recepcións.
- B3.3. Adaptación das habilidades motrices a contornos de práctica non habituais que favorezan toma de decisións, con seguridade e autonomía: o medio natural.
- B3.4. Control e dominio motor e corporal desde unha formulación previa á acción.
- B3.5. Mellora das capacidades físicas básicas de forma xenérica e orientada á execución das habilidades motrices, recoñecendo a influencia da condición física na mellora destas.

B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos non habituais.

B3.7. Valoración do esforzo e o traballo ben executado desde o punto de vista motor como base para a propia superación.

B3.8. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as propias posibilidades e limitacións, así como a existencia de diferenzas no nivel de habilidade.

BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS

B4.1. O corpo e o movemento. Exploración, conciencia e gozo das posibilidades e recursos da linguaxe corporal.

B4.2. Recoñecemento e utilización creativa das zonas corporais e compoñentes do movemento expresivo: espazo, tempo e a intensidade. Zonas corporais: de equilibrio (pernas e pés), de forza (centro de gravidade corporal), de autoridade (peito, ombreiros, brazos) e expresiva (rostro, mirada e pescozo).

B4.3. Expresión e comunicación de sentimentos e emocións individuais e compartidas a través do corpo, o xesto e o movemento.

B4.4. Execución de bailes ou danzas do folclore popular galego valorando a importancia da súa conservación e difusión. Execución de danzas do mundo valorando a diversidade como factor de enriquecemento individual e colectivo.

B4.5. Participación na composición e execución de producións grupais a partir de estímulos rítmicos, musicais, poéticos... Elaboración de bailes, coreografías simples ou montaxes expresivas.

B4.6. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en actividades artísticoexpresivas. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico-expresivas (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.

BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE

B5.1. Autonomía na hixiene corporal (vestimenta e aseo tras o exercicio) e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables (incluída a correcta hidratación durante e despois do exercicio).

B5.2. Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa e identificación crítica das prácticas pouco saudables (sedentarismo, abuso do lecer audiovisual, adicción ás novas tecnoloxías, consumo de tabaco ou alcohol...). Valoración do xogo e o deporte como alternativas aos hábitos nocivos para a saúde.

B5.3. Adquisición de hábitos de quecemento (global e específico), de dosificación do esforzo e recuperación, necesarios para previr lesións.

B5.4. Mellora da condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento psicobiolóxico.

B5.5. Recoñecemento e aplicación das medidas básicas de prevención e seguridade na práctica de actividade física en relación coa execución motriz e co uso de materiais e espazos.

B5.6 Valoración da actividade física como factor esencial no mantemento e mellora da saúde. Aprecio, gusto e interese polo coidado do corpo.

BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS

B6.1 Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.

B6.2. Aceptación e respecto cara ás normas, regras e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo.

B6.3. O xogo e o deporte como fenómenos sociais e culturais. Práctica de xogos e actividades deportivas de diferentes modalidades con dificultade crecente.

B6.4. Coñecemento, práctica e valoración dos xogos e deportes tradicionais de Galicia. Coñecemento e práctica de xogos doutras culturas.

B6.5. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en xogos predeportivos e en predeportes. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as regras de xogo (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.

B6.6. Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.

B6.7. Iniciación ao deporte de orientación (colexio, parque, medio natural). Toma de contacto co compás. Participación na organización e desenvolvemento de xogos de orientación.

B6.8. Práctica responsable de actividades físicas lúdicas e deportivas nas saídas á contorno natural de Galicia.

B6.9. Coñecemento, goce, coidado e valoración da natureza.

4.6. Contidos para o 6º Curso de E.P.

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA

B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas B1.2..Adopción de actitudes de colaboración, tolerancia, respecto e resolución pacífica dos conflitos na práctica de xogos e outras actividades físicas.

B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.

B1.4. Actitudes de aceptación, respecto e valoración cara a un mesmo, aos compañeiros e compañeiras e ao medio.

B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área.

B1.6 Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.

B1.7. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.

B1.8. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física.

B1.9. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.

B1.10. Coñecemento da normativa básica de circulación en rúas e estradas.

B1.11. Identificación e respecto, ao realizar saídas fóra do colexio, dos sinais básicos de tráfico que afectan aos peóns e peoas e ás persoas ciclistas.

BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN

B2.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas mostrando una actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente.

B2.2. Seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas.

B2.3. Autonomía persoal: autoestima, expectativas realistas de éxito.

BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES

B3.1. Adaptación da execución das habilidades motrices a situacións de práctica de complexidade crecente, con eficiencia, seguridade e creatividade.

B3.2. Realización combinada de desprazamentos, saltos xiros, lanzamentos e recepcións.

B3.3. Adaptación das habilidades motrices a contornos de práctica non habituais que favorezan toma de decisións, con seguridade e autonomía: o medio natural.

B3.4. Control e dominio motor e corporal desde unha formulación previa á acción.

B3.5. Mellora das capacidades físicas básicas de forma xenérica e orientada á execución das habilidades motrices, recoñecendo a influencia da condición física na mellora destas.

B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos non habituais.

B3.7. Valoración do esforzo e o traballo ben executado desde o punto de vista motor como base para a propia superación.

B3.8. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as propias posibilidades e limitacións, así como a existencia de diferenzas no nivel de habilidade.

BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS

B4.1. O corpo e o movemento. Exploración, conciencia e gozo das posibilidades e recursos da linguaxe corporal.

B4.2. Recoñecemento e utilización creativa das zonas corporais e compoñentes do movemento expresivo: espazo, tempo e a intensidade. Zonas corporais: de equilibrio (pernas e pés), de forza (centro de gravidade corporal), de autoridade (peito, ombreiros, brazos) e expresiva (rostro, mirada e pescozo).

B4.3. Expresión e comunicación de sentimentos e emocións individuais e compartidas a través do corpo, o xesto e o movemento.

B4.4. Execución de bailes ou danzas do folclore popular galego valorando a importancia da súa conservación e difusión. Execución de danzas do mundo valorando a diversidade como factor de enriquecemento individual e colectivo.

B4.5. Participación na composición e execución de producións grupais a partir de estímulos rítmicos, musicais, poéticos... Elaboración de bailes, coreografías simples ou montaxes expresivas.

B4.6. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en actividades artístico expresivas.

B4.7. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artísticoexpresivas (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.

BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE

B5.1. Autonomía na hixiene corporal (vestimenta e aseo tras o exercicio) e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables (incluída a correcta hidratación durante e despois do exercicio).

B5.2. Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa e identificación crítica das prácticas pouco saudables (sedentarismo, abuso do lecer audiovisual, adicción ás novas tecnoloxías, consumo de tabaco ou alcohol...). Valoración do xogo e o deporte como alternativas aos hábitos nocivos para a saúde.

B5.3. Adquisición de hábitos de quecemento (global e específico), de dosificación do esforzo e recuperación, necesarios para previr lesións.

B5.4. Mellora da condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento psicobiolóxico.

B5.5. Recoñecemento e aplicación das medidas básicas de prevención e seguridade na práctica de actividade física en relación coa execución motriz, ao uso de materiais e espazos.

B5.6. Valoración da actividade física como factor esencial no mantemento e mellora da saúde. Aprecio, gusto e interese polo coidado do corpo.

BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS

B6.1. Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.

B6.2. Aceptación e respecto cara ás normas, regras e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo.

B6.3. O xogo e o deporte como fenómenos sociais e culturais. Práctica de xogos e actividades deportivas de diferentes modalidades con dificultade crecente.

B6.4. Coñecemento, práctica e valoración dos xogos e deportes tradicionais de Galicia. Coñecemento e práctica de xogos doutras culturas.

B6.5. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en xogos predeportivos e en predeportes. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as regras de xogo (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.

B6.6. Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.

B6.7. Iniciación ao deporte de orientación (colexio, parque, medio natural). Toma de contacto co compás. Participación na organización e desenvolvemento de xogos de orientación.

	P.CORP.	P.ESP.	P.TEMP.	*			

SETEM.	PRESENTACIÓN, HÁBITOS, ACTITUDES E NORMAS							
	XOGOS COOPERATIVOS E DE SOCIALIZACIÓN							
	XOGOS COOPERATIVOS E DE SOCIALIZACIÓN							
	CONTROL DE DATOS MÉDICOS E ANTROPOMÉTRICOS							
OUTU.	1						*	
		1					*	
			1				*	
					1/C-1	C-1	*	
				1*		1*	1*BCESTO	
				2*		2*	2*BCESTO	
				3*		3*	3*BCESTO	
				4*		4*	4*BCESTO	
NOV.				5*		5*	5*BCESTO	
	2						*	
		2					*	
			2				*	
					2/C-2	C-2	*	
				6*		6*	1*XOQUEI	
				7*		7*	2*XOQUEI	
				8*		8*	3*XOQUEI	
DECE.				9*		9*	4*XOQUEI	
				10*		10*	5*XOQUEI	
							*	1*ACROSP.
							*	2*ACROSP.
	XOGO	XOGO	XOGO	XOGO	XOGO	XOGO	XOGO	XOGO
XAN.	3						*	
		3					*	
			3				*	
					3/C-3	C-3	*	
				11*		11*	1*BMAN	
				12*		12*	2*BMAN	
FEB.				13*		13*	3*BMAN	
				14*		14*	4*BMAN	
				15*		15*	5*BMAN	
	4						*	
		4					*	
			4				*	
					4/C-4	C-4	*	
				16*		16*	1*PALAS	
MARZO				17*		17*	2*PALAS	
				18*		18*	3*PALAS	
				19*		19*	4*PALAS	
				20*		20*	5*PALAS	
							*	1*REPRES.
							*	2*REPRES.
		XOGO	XOGO	XOGO	XOGO	XOGO	XOGO	XOGO

4º CURSO	O CORPO:					HAB. MOT. *	XOGO PRE-DEP. *	ACT. FÍS. ART. EXP.
	IMAXE E PERCEPCIÓN			LAT. *	EQ.			
	P.CORP.	P.ESP.	P.TEMP.					

ABRIL	5	5	5				*	
				21*		21*	1*ATLET.	
				22*		22*	2*ATLET.	
				23*		23*	3*ATLET.	
				24*		24*	4*ATLET.	
				25*		25*	5*ATLET.	
MAIO				26*		26*	1*X.POPU.	
				27*		27*	2*X.POPU.	
				28*		28*	3*X.POPU.	
				29*		29*	4*X.POPU.	
				30*		30*	5*X.POPU.	
					5/C-5	C-5	*	
								1*COR/BAI
							2*COR/BAI	
							3*COR/BAI	
XUÑO				31*			*DEP.ALT.	
				32*			*DEP.ALT.	
				33*			*DEP.ALT.	
				34*			*DEP.ALT.	
				35*			*DEP.ALT.	
	XOGO	XOGO	XOGO	XOGO	XOGO	XOGO	XOGO	XOGO

5º CURSO	O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN	HAB. MOTRICES CONDICIÓN FÍS.	O XOGO ACTIVIDADES DEPORTIVAS	ACT. FÍS. ART. EXP.
SETEM.	PRESENTACIÓN, HÁBITOS, ACTITUDES E NORMAS			
	XOGOS COOPERATIVOS E DE SOCIALIZACIÓN			

XOGOS COOPERATIVOS E DE SOCIALIZACIÓN				
CONTROL DE DATOS MÉDICOS E ANTROPOMÉTRICOS				
OUTU.	1		*	
	2		*	
	3		*	
		H.B. 1/C-1	*	
		C.F. 1/C-1	*	
		1*	1*BCESTO	
		2*	2*BCESTO	
NOV.		3*	3*BCESTO	
		4*	4*BCESTO	
		5*	5*BCESTO	
		H.B. 2/C-2	*	
		C.F. 2/C-2	*	
		6*	1*XOQUEI	
		7*	2*XOQUEI	
DECE.		8*	3*XOQUEI	
		9*	4*XOQUEI	
		10*	5*XOQUEI	
			*	1*ACROSP
			*	2*ACROSP
			*	3*ACROSP
		XOGO	XOGO	XOGO
XAN.	4		*	
		H.B. 3/C-3	*	
		C.F. 3/C-3	*	
		11*	1*BMAN	
		12*	2*BMAN	
		13*	3*BMAN	
FEB.		14*	4*BMAN	
		15*	5*BMAN	
		H.B. 4/C-4	*	
		C.F. 4/C-4	*	
		16*	1*BÁDMINT	
		17*	2*BÁDMINT	
		18*	3*BÁDMINT	
MARZO		19*	4*BÁDMINT	
		20*	5*BÁDMINT	
		21*	*DEP.ALT.	
		22*	*DEP.ALT.	
		23*	*DEP.ALT.	
			*	1*REPRES.
			*	2*REPRES.
	XOGO	XOGO	XOGO	XOGO

5º CURSO	O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN	HAB. MOTRICES CONDICIÓN FÍS.	O XOGO ACTIVIDADES DEPORTIVAS	ACT. FÍS. ART. EXP.
	5		*	

ABRIL		24*	1*ATLET.	
		25*	2*ATLET.	
		26*	3*ATLET.	
		27*	4*ATLET.	
		28*	5*ATLET.	
MAIO		29*	1*X.POPU.	
		30*	2*X.POPU.	
		31*	3*X.POPU.	
		32*	4*X.POPU.	
		33*	5*X.POPU.	
				1*COR/BAI
				2*COR/BAI
				3*COR/BAI
XUÑO		34*	*DEP.ALT.	
		35*	*DEP.ALT.	
		36*	*DEP.ALT.	
		37*	*DEP.ALT.	
		38*	*DEP.ALT.	
		39*	*DEP.ALT.	
	XOGO	XOGO	XOGO	XOGO

6º CURSO	O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN	HAB. MOTRICES CONDICIÓN FÍS.	O XOGO ACTIVIDADES DEPORTIVAS	ACT. FÍS. ART. EXP.
SETEM.	PRESENTACIÓN, HÁBITOS, ACTITUDES E NORMAS XOGOS COOPERATIVOS E DE SOCIALIZACIÓN			

XOGOS COOPERATIVOS E DE SOCIALIZACIÓN				
CONTROL DE DATOS MÉDICOS E ANTROPOMÉTRICOS				
OUTU.	1		*	
	2		*	
	3		*	
		H.B. 1/C-1	*	
		C.F. 1/C-1	*	
		1*	1*BCESTO	
		2*	2*BCESTO	
NOV.		3*	3*BCESTO	
		4*	4*BCESTO	
		5*	5*BCESTO	
		H.B. 2/C-2	*	
		C.F. 2/C-2	*	
		6*	1*XOQUEI	
		7*	2*XOQUEI	
DECE.		8*	3*XOQUEI	
		9*	4*XOQUEI	
		10*	5*XOQUEI	
			*	1*ACROSP
			*	2*ACROSP
		*	3*ACROSP	
	XOGO	XOGO	XOGO	XOGO
XAN.	4		*	
		H.B. 3/C-3	*	
		C.F. 3/C-3	*	
		11*	1*BMAN	
		12*	2*BMAN	
		13*	3*BMAN	
FEB.		14*	4*BMAN	
		15*	5*BMAN	
		H.B. 4/C-4	*	
		C.F. 4/C-4	*	
		16*	1*BÁDMINT	
		17*	2*BÁDMINT	
		18*	3*BÁDMINT	
MARZO		19*	4*BÁDMINT	
		20*	5*BÁDMINT	
		21*	*DEP.ALT.	
		22*	*DEP.ALT.	
		23*	*DEP.ALT.	
			*	1*REPRES.
			*	2*REPRES.
	XOGO	XOGO	XOGO	XOGO

6º	O CORPO:	HAB.	O XOGO	ACT. FÍS.
CURSO	IMAXE E PERCEPCIÓN	MOTRICES	ACTIVIDADES	ART. EXP.
		CONDICIÓN	DEPORTIVAS	
		FÍS.		
	5		*	
		24*	1*ATLET.	
		25*	2*ATLET.	

ABRIL		26*	3*ATLET.	
		27*	4*ATLET.	
		28*	5*ATLET.	
		29*	1*X.POPU.	
MAIO		30*	2*X.POPU.	
		31*	3*X.POPU.	
		32*	4*X.POPU.	
		33*	5*X.POPU.	
				1*COR/BAI
				2*COR/BAI
				3*COR/BAI
XUÑO		34*	*DEP.ALT.	
		35*	*DEP.ALT.	
		36*	*DEP.ALT.	
		37*	*DEP.ALT.	
		38*	*DEP.ALT.	
		39*	*DEP.ALT.	
	XOGO	XOGO	XOGO	XOGO

9. AVALIACIÓN.

9.1. Tipos de avaliación.

Utilizaranse os tipos de avaliación que o actual sistema educativo recomenda:

.- Avaliación inicial: ao inicio do proceso é necesario saber as posibilidades de cada alumno para adaptar os

programas ás necesidades individuais e dos grupos. Esta avaliación prolóngase durante as primeiras sesións co fin de non adoptar falsas expectativas e estereotipos.

.- Avaliación continua: permite detectar os acertos e erros e en consecuencia, orientar, manter e ou modificar plans. Realízase por medio dos datos recollidos nos distintos rexistros procedentes de:

- . A observación sistemática por parte do/a mestre/a durante o desenvolvemento das sesións, tanto a nivel afectivo-actitudinal como motora.
- . As probas periódicas confeccionadas polo profesor ao final de cada unidade didáctica a nivel motor, cognitivo e de detección de erros.
- . Autoavaliación, como factor básico de motivación, de cooperación mestre-alumno e coñecemento inmediato do seu propio proceso educativo.

.- Avaliación final e sumativa: para comprobar se conseguiu o desenvolvemento de capacidades e as finalidades previstas, constatando como incidiu a intervención pedagóxica e como se realizou todo o proceso determinando aquilo que se podería mellorar no futuro.

9.2. Instrumentos de avaliación.

Neste apartado faise unha exposición dalgúns instrumentos utilizados na avaliación que proporcionan pautas de actuación:

- . Ficha médica
- . Rexistro anecdótico.
- . Lista de comprobación
- . Ficha de rexistro persoal

9.3. Criterios Xerais de Avaliación.

Os criterios xerais a ter en conta para a avaliación na E.P. en relación a cada ámbito:

Ámbito motor

Estruturas: sabemos que o correcto funcionamento das estruturas é decisivo en calquera manifestación motriz. Neste sentido anualmente procederemos a medir e pesar aos alumnos co fin de constatar unha evolución normal. De igual modo comparando as sucesivas xeracións de alumnos que imos tendo poderemos obter un perfil evolutivo. Aínda que as táboas pediátricas son interesantes, non o é menos cando aos pais infórmase comparando aos seus fillos cos da súa contorna.

Pero máis importante que saber si o neno é alto ou baixo, o que nos importa é informar aos pais si vai crecendo os centímetros que ha de crecer e si a relación co peso é adecuada ou non.

.- Cualidades físicas: realizarase unha valoración cualitativa en base á análise desde dúas perspectivas:

- . Progreso do alumno respecto de si mesmo
- . Progreso do alumno respecto ao grupo

Non debemos caer na tentación de realizar unha avaliación centrada exclusivamente neste ámbito utilizando os típicos tests con criterios de medición cuantitativa e normativa. Con iso pérdese o control do desenvolvemento individual de cada alumno, ademais de ser un instrumento de pouca fiabilidade. Con dúas

sesións semanais, e coas circunstancias que poden incorrer á hora da medición: climatolóxicas, estado de ánimo, enfermidade, realización de máis ou menos actividade física fose do horario escolar... e sobre todo que a mellora vén xeralmente máis produto do desenvolvemento madurativo que da intervención docente.

.- Habilidades motrices: hanse de avaliar tanto o nivel de habilidade como o grao de aplicación a situacións reais de xogo. A observación é o mellor instrumento de avaliación. É conveniente secuencias de forma sistemática a calidade e precisión de cada unha das habilidades para poder ter unha información certa do nivel de capacidade de cada alumno.

Ámbito afectivo- social

Non cabe dúbida que este é o ámbito máis difícil de valorar de forma sistemática, e xeralmente déixase á apreciación subxectiva do docente. Si consideramos que a través da Educación Física xéranse múltiples situacións de aprendizaxe e pola propia especificidade da área pódense observar gran cantidade de actitudes nos alumnos, en referencia a si mesmo e na súa relación cos demais, non podemos desaproveitar a oportunidade de intervir actuando e rexistrándoas. Para iso sería conveniente elaborar listas de control para levar un seguimento de actitudes e hábitos. Tan importante ou máis é que o alumno saiba que actitudes van ser valoradas e eles mesmos participen no rexistro, de maneira que tomen conciencia da súa importancia, que o seguimento sistemático en si. Neste sentido no marco escolar e no desenvolvemento da nosa área estas poderían ser as actitudes a valorar:

- . Respecto das regras
- . Deportividade: saber gañar e perder
- . Aseo persoal, no relativo á limpeza e hixiene de mans
- . Xoga con nenos do outro sexo
- . Esfuerzo persoal
- . Respecto aos compañeiros
- . Interrupcións de clase
- . Respecto do material e instalacións
- . Realización de actividade física convenientemente equipado
- . Seguridade e confianza en si mesmo
- . Espontaneidade
- . Valoración do traballo ben realizado
- . Actitude crítica
- . Etc.

Ámbito cognitivo

Neste ámbito o que podemos ponderar son aspectos referentes a:

.- A observación da conduta motriz do neno, ou sexa do exercicio consciente dun movemento intelixente, en canto percibe, toma unha decisión e execútaa, Poderase observar fundamentalmente a través do xogo.

O desenvolvemento creativo e estético manifestado a través da expresión corporal. Atendendo á orixinalidade, á fluidez, á flexibilidade e a estética das súas condutas derivadas da relación do corpo e o movemento como medio de expresión. Observaremos condutas previamente fixadas.

9.4. Criterios de avaliación para a E.P.

Os criterios de avaliación, son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

9.4.1. Criterios de avaliación para o 1º Curso de E.P.

BLOQUE1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA

B1.1 Recoñecer desde a perspectiva de participante as posibles situacións conflitivas xurdidas nos xogos aceptando as opinións dos e das demais.

B1.2 Buscar de maneira guiada información utilizando fontes de información e facendo uso das TIC.

B1.3 Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas.

BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN

B2.1 Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.

B2.2 Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presentan.

BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES

B3.1 Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais.

BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS

B4.1 Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.

BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE

B5.1 Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.

B5.2 Recoñecer a importancia das medidas de seguridade na práctica da actividade física.

BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS

B6.1 Recoñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición.

B6.2 Recoñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas en especial as de Galicia.

B6.3 Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre.

9.4.2. Criterios de avaliación para o 2º Curso de E.P.

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA

B1.1 Opinar tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.

B1.2 Buscar e presentar Información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.

B1.2 Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a si mesmo/a e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.

BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN

B2.1 Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.

B2.2 Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.

BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES

B3.1 Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.

BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS

B4.1 Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.

BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE

B5.1 Coñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.

B5.2 Coñecer a importancia das medidas de seguridade na práctica da actividade física.

BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS

B6.1 Coñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición.

B6.2 Coñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.

B6.3 Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre.

9.4.3. Criterios de avaliación para o 3º Curso de E.P.

BLOQUE1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA

B1.1 Opinar tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.

B1.2 Buscar e presentar información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.

B1.3 Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.

BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN

B2.1 Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.

B2.2 Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.

BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES

B3.1 Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.

BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS

B4.1 Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.

B4.2 Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas.

BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE

B5.1 Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.

B5.2 Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.

B5.3 Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.

BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS

B6.1 Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades

B6.2 Coñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas, en especial as de Galicia.

B6.3 Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.

B6.4 Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.

9.4.4. Criterios de avaliación para o 4º Curso de E.P.

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA

B1.1 Opinar, tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.

B1.2 Buscar e presentar información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.

B1.3 Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás outras persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.

BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN

B2.1 Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas.

B2.2 Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.

BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES

B3.1 Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.

BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS

B4.1 Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.

B4.2 Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas.

BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE

B5.1 Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.

B5.2 Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.

B5.3 Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.

BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS

B6.1 Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividade.

B6.2 Coñecer, a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.

B6.3 Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.

Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.

9.4.5. Criterios de avaliación para o 5º Curso de E.P.

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA

B1.1 Opinar coherentemente con actitude crítica, tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.

B1.2 Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.

B1.3 Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e as demais persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.

BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN

B1.4 Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.

BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES

B3.1 Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.

BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS

B4.1 Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.

B4.2 Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas.

BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE

B5.1 Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.

B5.2 Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.

B5.3 Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade físicas.

BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS

B6.1 Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades.

B6.2 Coñecer e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.

B6.3 Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.

6.4 Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.

9.4.6. Criterios de avaliación para o 6º Curso de E.P.

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA

B1.1 Opinar coherentemente con actitude crítica tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións das demais persoas.

B1.2 Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.

B1.3 Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas, en distintos contornos incluíndo a natural e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.

BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN

B2.1 Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.

BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICESB

3.1 Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas.

BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS

B4.1 Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.

B4.2 Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas.

BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE

B5.1 Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.

B5.2 Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.

B5.3 Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.

BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS

B6.1 Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades

B6.2 Coñecer, valorar e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.

B6.3 Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.

B6.4 Manifestar respecto cara á contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.

9.5. Sistemas e baremos de puntuación na avaliación.

9.5.1. Baremos de puntuación para o 1º Curso de E.P.

Ámbito motor:	(Progresión con respecto a si mesmo e ao grupo)	15%
Ámbito afectivo-social:	*Asistencia non xustificada	10%
	Equipación e material persoal	10%
	Aseo/Hábitos de hixiene	10%
	Esforzo	10%
	Respecto das regras	10%
	*Respecto das normas (atención, instalación, material...)	10%
	*Respectos aos compañeir@s	10%
Ámbito cognitivo:	(Bases teóricas; Toma de decisións e execucións)	15%

*Cada falta de asistencia xustificada suporá a perda dun 5%.

*Cada falta grave suporá a perda dun 25%

9.5.2. Baremos de puntuación para o 2º Curso de E.P.

Ámbito motor:	(Progresión con respecto a si mesmo e ao grupo)	15%
Ámbito afectivo-social:	*Asistencia non xustificada	10%
	Equipación e material persoal	10%
	Aseo/Hábitos de hixiene	10%
	Esforzo	10%
	Respecto das regras	10%
	*Respecto das normas (atención, instalación, material...)	10%
	*Respectos aos compañeir@s	10%
Ámbito cognitivo:	(Bases teóricas;Toma de decisións e execucións)	15%

*Cada falta de asistencia xustificada suporá a perda dun 5%.

*Cada falta grave suporá a perda dun 25%

9.5.3. Baremos de puntuación para o 3º Curso de E.P.

Ámbito motor:	(Progresión con respecto a si mesmo e ao grupo)	15%
Ámbito afectivo-social:	*Asistencia non xustificada	10%
	Equipación e material persoal	10%
	Aseo/Hábitos de hixiene	10%
	Esforzo	10%
	Respecto das regras	10%
	*Respecto das normas (atención, instalación, material...)	10%
	*Respectos aos compañeir@s	10%
Ámbito cognitivo:	(Bases teóricas;Toma de decisións e execucións)	15%

*Cada falta de asistencia xustificada suporá a perda dun 5%.

*Cada falta grave suporá a perda dun 25%

9.5.4. Baremos de puntuación para o 4º Curso de E.P.

Ámbito motor:	(Progresión con respecto a si mesmo e ao grupo)	15%
Ámbito afectivo-social:	*Asistencia non xustificada	10%
	Equipación e material persoal	10%
	Aseo/Hábitos de hixiene	10%
	Esforzo	10%
	Respecto das regras	10%
	*Respecto das normas (atención, instalación, material...)	10%
	*Respectos aos compañeir@s	10%
Ámbito cognitivo:	(Bases teóricas;Toma de decisións e execucións)	15%

*Cada falta de asistencia xustificada suporá a perda dun 5%.

*Cada falta grave suporá a perda dun 25%

9.5.6. Baremos de puntuación para o 6º Curso de E.P.

Ámbito motor:	(Progresión con respecto a si mesmo e ao grupo)	15%
Ámbito afectivo-social:	*Asistencia non xustificada	10%
	Equipación e material persoal	10%
	Aseo/Hábitos de hixiene	10%
	Esforzo	10%
	Respecto das regras	10%
	*Respecto das normas (atención, instalación, material...)	10%
	*Respectos aos compañeir@s	10%
Ámbito cognitivo:	(Bases teóricas;Toma de decisións e execucións)	15%

*Cada falta de asistencia xustificada suporá a perda dun 5%.

*Cada falta grave suporá a perda dun 25%

As faltas xustificadas (segundo a orixe e a cantidade) suporán unha rebaixa da nota dun 5% por cada unha, e dun 10% naquelas faltas non xustificadas, en base a que: “ ... os procedementos son prioritarios na Educación Física, xa que o carácter motriz da área implica un nivel determinado de práctica...”

L.O.M.C.E. (Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellorada calidade educativa).

Tendo en conta este criterio citado no anterior punto, cabe dicir, reseñar e facer constar, que toda incidencia por causa allea e involuntaria ao/a alumno/a coma lesión, patoloxía ou enfermidade non incidirá na nota final ordinaria, podendo ser esta igual ou superior a media.

No caso de alumnos/as con ACI se seguirán os criterios establecidos no documento.

10. CRITERIOS DE ADAPTABILIDADE PARA A.N.E.A.E.

A necesidade de ofrecer a todos os alumnos o máximo de oportunidades educativas supón tratar con detemento os alumnos con necesidades educativas especiais (A.N.E.A.E.).

Ante esta situación, o que adoita acontecer é que o alumno cunha determinada discapacidade, acuda ao patio ou ao ximnasio cos seus compañeiros e se «integre» coa súa presenza física pero non participativa nas tarefas ou os xogos que alí se desenvolven. O profesor e os seus compañeiros aceptan de bo grao a súa presenza e así cúmprese» co principio e deber de levar a efecto a integración. A miña proposta camiña por outros rumbos ben distintas, pois aposto por unha integración real, na que a implicación dos elementos persoais do feito educativo se mostre participativo e activo no proceso de integración.

Para eles é preciso facer notar que, debido á especificidade da área de Ed. Física é, na maior parte dos casos, a imaxinación do profesor, coñecedor da súa realidade inmediata, o que intervirá e dará resposta a cada caso ou situación concreta que se formule, e co feed-back recibido enriquecerá a súa oferta ante novas e diversas situacións que xorden no día a día (Arráez, 1997b.), expoñen a continuación uns criterios de adaptabilidade que, sen dúbida orientan ao profesor na planificación e desenvolvemento das súas clases, actuando como facilitadores do proceso de ensino-aprendizaxe das tarefas propias da Educación Física.

A) ADAPTACIÓNS/MODIFICACIÓNS NO MEDIO DE APRENDIZAXE

- Variar e multiplicar o material: balóns de diferentes tamaños e texturas, con cores vivas, etc. que en definitiva faciliten a percepción e aumenten as experiencias sensoriais.
- Reducir a altura da rede para os xogos: facilítase e simplifícase o xesto.
- Reducir distancias en desprazamentos ou lanzamentos.
- Eliminar fontes de distracción.

B) ADAPTACIÓNS/MODIFICACIÓNS NA METODOLOXÍA

- Utilizar apoios verbais:
 - Palabras xustas en número, axeitadas e destacando as importantes.
 - Explicacións concretas e breves.
 - Explicacións colocadas segundo a sucesión natural no tempo.
 - A maior complexidade da tarefa menor cantidade de explicación previa.
 - Palabras de ánimo que reforcen o éxito.
- Recorrer aos apoios visuais:
 - Demostración do movemento para a súa imitación: modelos.
 - Demostración do movemento adaptado para a súa imitación: modelos. Prestar apoios físicos.
 - Situar ao neno/a na posición ideal de partida para realizar o movemento.
 - Opoñerlle forza de resistencia para facelo interiorizar o movemento.
 - Conducilo da man polo espazo.
 - Progresión adaptada nos xogos con balón:
 - Rodar-botar-lanzar.
 - A altura nos pases (máis doado baixos que altos. Ex: altura do ventre, logo altura da cabeza).
 - Estruturação axeitada das fases de aprendizaxe.
 - Andar ou rodar en lugar de correr.
 - Descompoñer en fases. Ex: coller balón-parar se-executar lanzamento, etc.
 - Relación entre explicación e execución. Conceder tempo de asimilación e comprensión.
 - Modificación do número de decisións: Serán máis reducidas as súas posibilidades.

C) ADAPTACIÓNS/MODIFICACIÓNS NA TAREFA

- En relación coas regras: Exemplos:
 - Que o balón poida rodar en lugar de ser lanzado, botar máis veces antes de ser recollido ou devolto, etc.
 - Que se poida coller cunha ou as dúas mans, en lugar de ser devolto con golpeo.
 - Redución do número de puntos ou de tantos para gañar.
 - Reducir o tempo de xogo.
 - Prohibir devolver o balón ao que pasou, para fomentar o número de participantes no xogo.
 - Aumentar ou diminuír o número de xogadores en función do espazo.
 - Permitir axudas externas: permitir máis tempo de retención.

11. TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS.

Os temas transversais están encamiñados á educación de valores e responden a necesidades ou realidades que se concretan nas seguintes dimensións do currículo:

- .- Saúde e calidade de vida
- .- Educación ambiental.
- .- Educación para a paz.
- .- Educación do consumidor.
- .- A educación para a igualdade entre os sexos.
- .- A educación para o ocio (específico para a Comunidade Autónoma Galega)
- .- A educación vial.

É obvio que non todas as áreas están implicadas nos temas transversais coa mesma intensidade. É evidente que o peso da Educación para a saúde e calidade de vida cae de cheo no propio currículo da área de Educación Física. Neste aspecto incide fundamentalmente o intento de conseguir no alumnado actitudes positivas fronte ás seguintes cuestións:

- .- A hixiene corporal na práctica de actividades físicas.
- .- A incidencia dos hábitos prexudiciais para a saúde na actividade física.
- .- A valoración e toma de conciencia da propia condición física.
- .- A valoración do efecto dun bos hábitos sobre a condición física e a saúde en xeral.
- .- O respecto das normas de prevención de accidentes na práctica da actividade física.
- .- A valoración dos efectos dos hábitos nocivos para a condición física e a saúde, e prevención ante estes.

A Educación ambiental é tratada nos momentos onde se desenvolven actividades no medio natural dirixindo as accións á consecución das seguintes actitudes:

- .- Considerar as normas básicas de protección, precaución e seguridade no desenvolvemento de actividades no medio natural.
- .- Valorar os recursos que brinda o medio natural para o seu disfrute.
- .- Aceptar e respectar as normas de protección, precaución e seguridade no medio natural.
- .- Tomar interese por participar en actividades que se desenvolvan no medio natural.
- .- Confeccionar carteis e murais sobre as características máis importantes do medio natural e as normas de seguridade e de respecto para a permanencia nel.

Así mesmo se tratan os temas da Educación para a paz cando se realizan actividades que levan a:

- .- Aceptar do nivel de aptitude motora dos outros.
- .- Respectar o ritmo de progresión, así como aos logros dos compañeiros por moi insignificantes que poidan parecer.
- .- Controlar a agresividade en situacións de oposición e loita directa con compañeiros.
- .- Respectar a normativa e regulamentos dos xogos e deportes.
- .- Valorar a mellora persoal e a dos demais por enriba do resultado.

- Aceptar a competición cos demais como unha forma lúdica de desenvolver a actividade físico deportiva, aceptando as regras, a cooperación e a rivalidade ben entendida.
- Dispoñerse a aceptar os resultados da confrontación deportiva, sen extrapolar actitudes e condutas negativas.
- Respectar aos roles de cada participante nos xogos deportivos, con maior consideración á figura do árbitro, colaborando co seu labor e sen cuestionar as súas decisións.

A Educación do consumidor aparece contemplada en lugares onde se mestura coa Educación para a saúde, como por exemplo nas actividades que tratan de valorar os efectos dos hábitos nocivos para a condición física e a saúde e a prevención ante estes. Tamén existe tratamento deste tema nos apartados onde se ensina ao alumnado a elixir os materiais necesarios para a realización das diversas actividades, destacando neste aspecto os seguintes puntos:

- A selección do equipo axeitado para a actividade física ordinaria.
- A selección axeitada e preparación do equipo de marcha -mochila, vestimenta, botas- en función das súas características (duración, terreo, clima, altitude, distancia,...).
- A manipulación das ferramentas e instrumentos máis utilizados nas actividades no medio natural: navallas, serras, machados, infernillos, lámpadas, cordas, mosquetóns...
- A actitude crítica ante as modas, as marcas, os espectáculos deportivos, etc.

A Educación vial é un punto tratado en diversos momentos. Destaca sobre todo o seu tratamento no bloque de actividades no medio natural, sendo algúns dos puntos do seu tratamento, os seguintes:

- Valoración do risco, superación de temores, e prevención de accidentes.
- Aceptación e respecto das normas de protección, precaución e seguridade no medio natural.

No caso do tema transversal Educación para a igualdade entre os sexos, faise necesario realizar a seguinte reflexión:

O profesor da área debe ser consciente de que:

- As experiencias previas adoitan ser distintas en alumnos e alumnas, polo que se verá obrigado a compensar esas desigualdades de principio.
- Nas actividades manipuladoras, pola educación sexista inevitable, as alumnas teñen menos experiencia.
- É necesario incentivar as alumnas para que solucionen os seus propios problemas.
- É preciso eliminar a linguaxe sexista, así como as ilustracións (nos nosos textos, os debuxos e as fotografías de manipulación, xogos ou actividades físicas de alumnos fanse indistintamente da súa natureza por rapaces ou rapazas. Tendeuse, conscientemente, a poñer máis mulleres que homes nas actividades tradicionalmente “masculinas”).
- Hai que eliminar a sensación de competitividade entre os dous sexos.
- É conveniente resaltar sobre os éxitos e logros deportivos alcanzados por mulleres (“a pesar da súa condición de ama de casa tradicional e con grande esforzo...”).

.- Débese ter unha especial atención a que os varóns non monopolicen algunhas pistas deportivas, considerándoas “patrimonio de homes”.

.- É importante estimular as alumnas no manexo de máquinas e ferramentas.

.- En xeral, realizar todas aquelas prácticas que eliminen a discriminación.

Existe un tema transversal específico para Galiza “Educación para o ocio”:

Aproximámonos a unha sociedade cun tempo para o ocio cada vez máis grande e cunha gama de actividades para ocupalo. A utilización persoal e social deste tempo de ocio de forma creativa e non alienante, atendendo a conseguir mellores niveis de benestar social, deberá ser unha das novas responsabilidades que debe asumir a escola. Isto permite, ademais, enlazar as actividades escolares coas extraescolares, de maneira que os presupostos dos que parte a escola poden funcionar fóra dela, procurando unha maior integración entre a escola e a sociedade.

12. CONTRIBUCIÓN DA EDUCACIÓN FÍSICA AOS PLANS E PROGRAMAS DO CENTRO.

No título III do Decreto 105/2014, faise referencia aos programas educativos que se han de desenvolver nos centros educativos de primaria. En base a este apartado, e dende a nosa área, contribuiremos ao traballo dos seguintes plans, programas e proxectos do noso centro:

12.1. CONTRIBUCIÓN AO PLAN T.I.C.

Tratamos de aproveitar a multitude de recursos tecnolóxicos e informáticos relacionados con contidos a traballar dende a nosa área. En determinadas Unidades Didácticas e Sesións serán presentadas ao longo do curso mediante proxeccións utilizando medios informáticos e audiovisuais. Isto inclúe un traballo de investigación por parte de profesores e alumnos sobre determinadas actividades a realizar mediante a busca en Internet e mesmo na biblioteca do Centro de información relativa á nosa área.

Este traballo poderá ver reforzado coa realización por parte dos/as alumnos/as de actividades de carácter teórico durante os tres trimestres do curso.

12.2. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE COVIVENCIA.

En cumprimento do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, dicir que nas nosas sesións de E.F. trataremos aspectos coma a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a resolución pacífica de conflitos, os dereitos e deberes universais e o respecto entre tódalas partes que conforman a comunidade educativa.

Para o traballo de todos estes temas, seguiremos o plan elaborado pola comisión de convivencia do noso centro educativo, tal e como se recolle no Artigo 6 do citado Decreto.

12.3. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.

Seguindo a liña marcada dende as administracións educativas, o noso centro contribúe ao desenvolvemento da lectura, da escritura e das habilidades informativas por medio do plan lector.

A biblioteca escolar é o eixo do citado plan. Mediante a posta en marcha do PLAMBE, dotouse cos recursos necesarios para o seu desenvolvemento. Ademais, en cumprimento do Artigo 15.4 do Decreto do

currículo, o noso centro estableceu un tempo de lectura diario que ten lugar nos 30 minutos seguintes ao recreo.

Dende a nosa área contribuiremos nesta causa a través de recomendacións de libros, artigos, noticias, internet, etc., relacionadas coas actividades traballadas ao longo do curso.

12.4. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO.

Con base lexislativa no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o Plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, e atendendo ao Artigo 6º no seu punto 4, se decidiu que a materia de Educación Física sexa impartida en lingua galega, aínda que non se exclúe a impartición ambigua coa lingua castelá coma recurso para o fortalecemento e coñecemento dun mais amplo vocabulario específico da área coma pode ser por exemplo no ámbito dos deportes, regulamentos e materiais utilizados.

Dende a Educación Física, polo tanto, trataremos de facer ver a importancia do galego coma lingua vehicular do ensino, así coma elemento de transmisión da nosa cultura. Traballaremos en colaboración do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, tanto na proposición de lecturas e adquisición de vocabulario específico da nosa área, coma na organización e desenvolvemento de tarefas e xornadas coma son por exemplo a Xornada dos Xogos Populares, que se celebra no noso centro durante a semana adicada ás Letras Galegas (mes de maio).

12.5. CONTRIBUCIÓN AOS TALLERES PROGRAMA DE CENTRO.

Tal e coma figura no PXA do centro, dende a nosa área, e ao longo do curso durante os horarios de recreo (de 11.45 a 12.15), traballaremos na creación, elaboración e desenvolvemento dun taller adicado ao Xadrez e aos xogos de mesa, marcándonos coma principais obxectivos:

Desenvolver actividades e xogos encamiñados a iniciar ao alumnado no xadrez.

Coñecer as normas básicas polas que se rexe o xadrez e as súas posibilidades didácticas.

Integrar o xadrez como contido e recurso interdisciplinar, lúdico e deportivo que favorece o desenvolvemento competencial.

12.6. CONTRIBUCIÓN AO PLAN PROXECTA.

Dende a área de Educación Física, tal e coma figura no PXA do centro, e se ven a facer dende cursos e anteriores dentro do Plan Proxecta, elabórase o Proxecto de Vida Activa e Deportiva (PVAD) coa participación da comunidade escolar do centro, en distintos programas e modalidades, coma son o Programa XOGADE, Programa DAFIS, Programas para a Iniciación e Dinamización dos Deportes Alternativos, Coñece o meu Club, Talleres Programa, Aliméntate ben, Froita na Escola, etc.